



**SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 29 de maio de 2017**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDESA-PRESIDENTA EN FUNCIÓNS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTIN

Lista de Asistentes

D. ARGIMIRO SERÉN MERA
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. ALBERTO VARELA PAZ

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA ACCIDENTAL

DONA ROSA OTERO PIÑEIRO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 29 de maio de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 23/05/2017, que se aprobou por unanimidade.

Propuestas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2017/2274

Dáse conta do escrito presentado por D. Francisco Javier Marques Solla, en representación de **Cine Clube Adegá** solicitando autorización para levar a cabo unha actividade denominada "Supercine Swing", o día 9 de xuño na Rúa Méndez Núñez nº 14, con proxeccións e música, así como a colaboración municipal coa cesión de proxector, iluminación, son, 2 xardiñeiras, cadro de corrente, escenario, apagado de luz, etc..

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras, Servizo de Electricidade e Mantemento aos efectos oportunos.

PRP2017/2369



Visto o acordo do Consello Reitor da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, de data 8 de maio de 2017, de aprobación dos proxectos, regulamentos e follas de inscrición nas actividades deportivas “Verán Vilagarcía”, ano 2017, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar un prezo público de 5,00 € por participante, como cota de inscrición da Carreira Nocturna, categoría absoluta, que se vai a realizar dentro das actividades deportivas “Verán Vilagarcía” ano 2017, máis o importe de 1,00 € polo aluguer do chip, conforme ao Acordo Regulador nº 17 en vigor.

PRP2017/2370

Dáse conta de escrito de Augas de Galicia en relación cun vertido de augas residuais en condicións inadecuadas nun rego que desauga no rego da Lomba, procedente das instalacións municipais de saneamento situadas nese lugar.

Dáse conta de informe do Xefe de Servizo de Mantemento no que indica que xa foi detectado o problema da obstrución, así como unha rotura de parte do tubo, polo que se producen as filtracións. Así mesmo indica que se procederá a realizar as reparacións convenientes para subsanar os problemas detectados e dar conta a Augas de Galicia da solución do mesmo.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar a Augas de Galicia a inmediata solución do problema detectado

PRP2017/2371

Vista a proposta da Oficina Técnica Municipal de Rehabilitación Urbana, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a convocatoria 2017 para a solicitude de axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, para a rehabilitación de edificios e vivendas nos Núcleos de Carril, Vilaxoán e Casco Vello de Vilagarcía de Arousa, abríndose un prazo para presentar as solicitudes no rexistro do Concello ata o día 30 de xullo de 2017.

PRP2017/2373

Dáse conta do escrito presentado por D. Antonio Rubén Neira Hermo, en representación da **ANPA EEI VAGALUME**, solicitando autorización para levar a cabo a festa de fin de curso cunha “Festa da Espuna” na Rúa A Xunqueira, o día 23 de xuño, dende as 18:30 ás 20:00 horas

Visto o informe da Policía Local acordase concederlle autorización para o peche da rúa para a citada actividade, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/2374



Dáse conta do escrito presentado por **Maria Montserrat Fajardo Pérez**, solicitando autorización para realizar a presentación dun libro o día 30 de xuño, ás 21:00 horas na Rúa Alcalde Rey Daviña, dante da Casa de Cultura, así como a cesión dunha carpa para a citada actividade.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras.

PRP2017/2375

Dáse conta do escrito presentado por **D. Ricardo Giménez Borja**, de interposición de recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de marzo de 2017 no que se acordaba non concederlle autorización para a celebración dunha feira/mercado en FEXDEGA.

Visto o exposto no escrito presentado, a Xunta de Goberno Local acorda desestimar o recurso, mantendo o acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de marzo de 2017 nos mesmos termos, dado que o solicitado non é compatible co uso actual e habitual do recinto.

PRP2017/2376

Visto o escrito presentado por **D. Jesús López Rodríguez**, voceiro do Grupo Municipal de EU, solicitando copia do expediente de autorización pola Xunta de Goberno Local de 10 de abril de 2017 a D. Miguel Alves Lago, para uso de megafonía o día 14 de abril na praza da II República.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado e achegarlle a copia do expediente indicado.

PRP2017/2377

Dáse conta da sinatura do Convenio de Colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Empresa Grupo Abalo que ten por obxecto a subvención das liñas de transporte ao Hospital do Salnés.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/2378

Dáse conta da sinatura do convenio de cooperación entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil para o presente ano 2017.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.



PRP2017/2379

Vista a solicitude de Dona Rocio Louzán Blanco, como Presidenta do **Centro Comercial Aberto de Vilagarcía de Arousa – Zona Aberta** e a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á convocatoria da Mesa Local de Comercio con motivo de incluír o asunto da celebración da 12ª Feira de Oportunidades Expoferta Zona Aberta 2017.

PRP2017/2455

Vista a proposta do Axudante-Encargado de Obras e con motivo da urxente necesidade de reparación do saneamento na Avda. Rosalía de Castro (a altura do nº 117), Rúa de Cruz-Cornazo e Campo Mulatas – San José, a Xunta de Goberno Local acorda aporbar os seguintes orzamentos de subministro de material para as citadas obras, por un importe total de 5.105,78 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.210:

- Ramón Maneiro Cadillo: por importe total de 3.051,75 € (dous orzamentos: 2.543,55 € + 508,20 €)
- Procesos de Fundición, S.L, por importe total de 379,78 €
- Juan Antonio Gándara González, por importe total de 663,81 €
- Aridos del Umia S.A.U.: por importe total de 1.010,45 € (dous orzamentos: 508,20 € + 502,25 €)

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/2485

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de xaneiro de 2017, de aprobación orzamento de subscrición de aplicacións informáticas de consulta de lexislación vía web contratadas coa Empresa **Wolters Kluwer España, S.A.** para o ano 2017, figurando no mesmo un importe de 7.606,00 € (IVE incluído), e debendo figurar por un importe de 7.660,00 € (IVE incluído).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Emprego

PRP2017/2456

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica e o informe da Área de Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda que se realicen os trámites para a contratación de 12 traballadores/as desempregados/as Socorristas para o Servizo de Salvamento e Socorrismo 2017, cunha xornada a tempo completo durante tres meses, dende o 1 de xullo de 2017, unha vez recibida a autorización do Servizo de Emprego e Economía Social para a contratación anticipada de 12 traballadores/as Socorristas, tendo solicitada unha subvención por importe de 53.005,58 € e unha aportación municipal prevista de 1.212,48 €.

PRP2017/2395

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social e Igualdade a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a lista de admitidos na Escola Infantil de Verán, cun prazo para formalizar a matrícula dende o 1 ao 10 de xuño de 2017.



PRP2017/2396

Dáse conta da lista definitiva de admitidos/as e lista de agarda de solicitantes de praza na Escola Infantil Municipal para o curso 2017-2018. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a mesma.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2017/2397

Vista a proposta da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o cómputo de 5,5 horas da bolsa de horas de que dispón o Concello por parte da Empresa Clece, S.A. para un servizo de limpeza extraordinario da Escola de Educación Infantil Vagalume, con motivo da actividade “Noite máxica”, que se leva a cabo todos os anos cos/as nenos/as de 6º e que durmirán no centro escolar o día 17 de xuño (venres), debendo realizarse o servizo o día 18 de xuño, a partir das 12:00 horas.

PRP2017/2398

Vista a solicitude do Director da Escola Municipal de Música, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle o uso da Sala Principal do Auditorio Municipal para a celebración dos festivais de Fin de Curso 2016/2017, para as seguintes datas:

- Os días 5 e 6 de xuño, para ensaio e Festival de Música e Movemento.
- O día 8 de xuño para o Concerto Fin de Curso (solistas e agrupacións).

PRP2017/2399

Vista a proposta da Escola Municipal de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Xurxo Guzmán Salgueiro** para a reparación dos timbais sinfónicos (3) e a reafinación da marimba para a escola Municipal de Música, por un importe total de 665,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 3262.22799.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Xuventude

PRP2017/2402

Vista a proposta da Concellería de Xuventude e Voluntariado a Xunta de Goberno Local acorda agradecer ás entidades que a seguir se din o seu patrocinio ou colaboración no desenvolvemento da “XVI Edición de Lectoriño”, que se celebrou na Biblioteca Municipal (antesala Salón García) os días 22 e 23 de abril de 2017:

- Editorial Xerais de Galicia
- Editorial Kalandraka
- Editorial OQO-Editora
- Edicións do Castro
- Editorial Ir Indo
- Editorial Galaxia
- Editorial Patasdepeixe
- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Secretaría Xeral de Política Lingüística).



PRP2017/2403

Vista a proposta da Concellería de Xuventude e Voluntariado, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a realización dunha serie de actividades promovidas pola Deputación Provincial de Pontevedra, denominadas “Depo Ruarte” 2017, a desenvolver pola Empresa Vella Escola, o día 15 de xullo, de 17:00 a 20:00 horas, na Praza da II República, así como a colaboración municipal.

Acórdase así mesmo:

- A cesión e instalación dunha pérgola no Parque Miguel Hernández, no caso de calor.
- Autorizar o uso da Praza da Peixería, no caso de choiva.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2017/2404

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Diego Basadre Barreiro** para a realización dunha serie de concertos en distintas rúas dentro do ciclo denominado “Agora Vermú”, no que van a participar distintos artistas: De Vacas, Nastasia Zürcher, Factoría de Subsistencia, Voodoo, The Pixel-Land Experience, por un importe total de 10.000,65 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.22609

PRP2017/2405

Vista a solicitude de D. Alfonso González Gallego, Presidente Comarcal de **Cruz Roja Española**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 3 de xuño de 2017, para a celebración dun curso DESA, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

PRP2017/2406

Vista a solicitude de **D. Dositeo Amoedo Fontán**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da Virxe do Carme o vindeiro día 2 de agosto de 2017 en Solobeira:

- Actuación da Asociación Cultural San Pedro de Cornazo (Coral), por un importe de 225,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2017/2407

Vista a solicitude de D. Christian Millán Longo, en representación da **Asociación de Festas San Roque**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación



polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Roque en Bamio os días 26 e 27 de agosto de 2017:

- Actuación da Asociación Cultural Grupo de Gaitas Garandoiro, por un importe de 225,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2017/2408

Vista a solicitude de D. Manuel A. Couceiro Cachaldora **Cura Párroco de San Pedro de Fontecarmoa**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Pedro en Fontecarmoa, os días 24 e 25 de xuño de 2017:

- Actuación da Asociación Cultural A Nosa Sra. Da Xunqueira (Grupo de Gaitas), o día 24 de xuño, por un importe de 225,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2017/2409

Vista a solicitude de D. Antonio Casás Valoira, en representación da **Asociación de Veciños de Vilaxoán**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón García, o día 17 de xuño, para a representación da obra "Naquela Pensión de París", por parte do Grupo de Teatro Maravella da citada Asociación, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá presentar na Concellería de Cultura, seguro de responsabilidade civil e accidentes para esta actividade, así como copia do abono do mesmo.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

Así mesmo comunicáselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 247 butacas).

PRP2017/2410

Visto o escrito presentado por D. Angel Vilas Fernández, como Presidente da **Federación Galega e Secretario do Club Xadrez de Fontecarmoa**, solicitando autorización para utilizar o Auditorio Municipal con motivo da celebración do XI Open McDonalds os días 2, 3 e 4 de novembro, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase:

Autorizar a utilización do taller e gardarroupa do Auditorio o día 2 de novembro.



Autorizar a utilización da Sala de Conferencias o día 3 de novembro.

Autorizar o uso da Sala Principal do Auditorio, sendo responsabilidade do solicitante o control do aforo da sala solicitada (neste caso 754 butacas).

Comunicarlle que deberán poñerse en contacto co Técnico Auxiliar de Cultura para comprobar a dispoñibilidade da Sala de Exposicións.

Deberán presentar o seguro de responsabilidade civil e accidentes para esta actividade, así como copia do abono do mesmo.

Acórdase así mesmo a colaboración municipal coa cesión de mesas e cadeiras.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

A presente autorización concédese condicionada á presentación dun Plan de Protección dos eventos citados no Auditorio Municipal.

PRP2017/2411

Vista a solicitude de Dona María de los Milagros Vidal Loureiro, Directora do **CEIP Arealonga**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón Principal do Auditorio Municipal o día 21 de xuño de 2017, durante todo o día, para a celebración do Festival de Fin de Curso, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá presentar seguro de responsabilidade civil e accidentes para esta actividade, así como copia do abono do mesmo.

Será responsabilidade da solicitante o control de aforo da sala solicitada (754 butacas)

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2017/2412

Vista a solicitude de D. Francisco Javier Marqués Solla, en representación de **Cine Clube Ádega**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón García os días 14 e 28 de xuño de 2017, a partir das 21:00 horas, para a celebración de dúas proxeccións, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá presentar seguro de responsabilidade civil e accidentes para esta actividade, así como copia do abono do mesmo.

Será responsabilidade da solicitante o control de aforo da sala solicitada (247 butacas)

Acórdase a colaboración municipal coa impresión de carteis, panel informativo (sandwich) para o exterior.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2017/2413

Visto o escrito presentado por Dona Angela Ansedo Bueno, en representación do **Colexio San Francisco** solicitando o cambio de data para o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal,

que foi autorizado pola Xunta de Goberno Local de data 20 de marzo para o día 20 de decembro, cambiando a mesma para o día 21 de decembro e vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda conceder o cambio solicitado, nas mesmas condicións que se lle fixaban no citado acordo.

PRP2017/2414

Dáse conta do escrito presentado por D. Jesús López Rodríguez, Voceiro do **Grupo Municipal de Esquerda Unida** solicitando información en relación coa adxudicación a D. Diego Basadre Barreiro da realización do programa formativo musical achégate aos locais.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que se procederá a remitir a documentación requirida.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2017/2417

Dáse conta do expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato para a prestación do servizo consistente na realización dos traballos de estudo, documentación, análise, descrición e catalogación dos postos de traballo para a posterior valoración e confección dunha nova relación de postos de traballo do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Á citada licitación presentáronse as empresas Estrategia y Organización, S.A. e Galivalia consulting, S.L., sendo excluída da licitación a mercantil Estrategia y Organización, S.A. ao inadmitirse a xustificación de baixa anormal ou desproporcionada que presentaba a súa oferta.

A Xunta de Goberno Local, vista a proposta da Concellería de Persoal, acorda adxudicar á empresa **Galivalia Consulstgo, S.L.** o contrato para a prestación do servizo consistente na realización dos traballos de estudo, documentación, análise, descrición e catalogación dos postos de traballo para a posterior valoración e confección dunha nova relación de postos de traballo do Concello de Vilagarcía de Arousa por un importe de 33.884,30 € ao que lle corresponde un IVE do 21% de 7.115,70 €, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE incluído) de 41.000,00 € de conformidade coa oferta presentada, con cargo á partida 920.22706.

PRP2017/2419

Dáse conta do expediente tramitado para a contratación das obras de Pintado da Balaustrada de Carril. Vilagarcía de Arousa”, cun orzamento de execución (IVE engadido) de 6.303,31 €, e das ofertas presentadas, seguintes:

- Reformas Trebol, S.L., que ofrece o prezo de 6.047,58 € (IVE incluído).
- Adrián Decoraciones, que ofrece o prezo de 6.125,65 € (IVE incluído).
- Construpama Empresa Constructora, S.L., que ofrece o prezo de 9.388,00 € (IVE incluído).

Vista a proposta da Concelleira de urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa **Reformas Trebol, S.L.**, as obras de Pintado da balaustrada de Carril, polo importe ofertado de 4.998,00 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 1.049,58 €, o que totaliza unha oferta de 6.047,58 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.210, por ser a oferta máis vantaxosa para o Concello.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.